Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

**2020 - 2021**

## CEIP ISAAC PERAL

Ferrol





# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN ........................................................................ 2

2. PROXECTO CURSO 19 – 20 ................................................................ 3

**3. ADDENDA CURSO 20 – 21 ..........................................................41**

# INTRODUCIÓN

*Tal como establece ORDE do 23 de decembro de 2020 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento PL500A).*

*… Aqueles centros que presentaron os seus proxectos ao abeiro da Orde correspondente ao curso escolar 2019/20 (Orde do 27 de decembro de 2019; DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2020), que finalmente quedou sen efectos como consecuencia do peche dos centros educativos por causa da COVID-19 (Orde do 2 de xuño de 2020; DOG núm. 113, do 11 de xuño), poderán alegar o mesmo proxecto para a actual convocatoria e presentar simplemente a addenda na que consten, de ser o caso, as adaptación ou adaptación propostas.*

Polo que o noso PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO para o curso 20-21 será o mesmo que o do curso anterior 19 – 20 coa addenda especificada ao final do proxecto.

# PROXECTO CURSO 19 - 20

## 1. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

| **CONTEXTO SOCIO-LINGÜÍSTICO** | |
|---|---|
| Lingua habitual nos fogares | Só castelán |
| Lingua habitual nas interaccións comunitarias | Predomina o castelán |
| Lingua empregada polo concello na súa comunicación | Predomina o galego |
| Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno | Predomina o castelán |
| **SITUACIÓN DO PROFESORADO** | |
| Lingua habitual do profesorado | Predomina o castelán |
| Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente | Media |
| Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización | Media |
| Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo | Pouca |
| Actitude do profesorado cara a normalización social do galego | Media |
| **SITUACIÓN ALUMNADO** | |
| Lingua habitual do alumnado | Só castelán |
| Lingua habitual da súa familia | Só castelán |
| Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar | Castelán e galego |
| Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior | Escasa |
| Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo | Favorable |
| Actitude do alumnado cara á normalización social do galego | Favorable |
| **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO: Emprego da lingua galega…** | |
| Na documentación do centro | Plena |
| Nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións | Ampla |
| Nas interaccións co alumnado en contextos informais | Moderada |
| Polo persoal non docente | Moderada |
| Por parte da ANPA | Nula |
| Nas actividades extraescolares | Escasa |

| 2. SITUACIÓN E OBXECTIVOS | |
|---|---|
| **CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO** | Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado de 4º de E. Infantil, para obter información con respecto da lingua materna predominante, foron os seguintes<br>♣ Castelán: 19 ♣ Galego: 4 ♣ Galego e castelán : 2<br>Falta, por tanto, unha aceptación do seu uso na vida diaria.<br>**OBXECTIVO**: *Implicar ás familias do noso alumnado no emprego da lingua galega.* |
| **SITUACIÓN DO PROFESORADO** | A maior parte dos docentes do centro empregan o castelán en contextos informais, fóra da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.<br>A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.<br>**OBXECTIVO**: *Fomentar o uso do galego nas actividades cotiás do centro.* |
| **SITUACIÓN DO ALUMNADO** | O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.<br>Obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar a primaria, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.<br>**OBXECTIVO**: *Acadar a competencia plena do galego ao finalizar a etapa de Primaria* |
| **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO** | O uso do galego na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena. A comunicación escrita co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego ao 100%.<br>Aínda que, dispoñemos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en todas as aulas, cómpre seguir ampliando este material escrito tanto na Etapa de Infantil como na de Primaria.<br>Dende hai uns cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, unha iniciativa que vai dando seus froitos, a saber: durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula a lectura, e loxicamente, ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca, moitas das súas lecturas son en galego. |

| | |
|---|---|
| **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO** | O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, é o encargado de organizar e coordinar o traballo do xornal escolar (Mareiriña) consistente en<br>- recomendacións de lecturas en galego dos distintos temas que se tratan.<br>- sesións de contacontos para cada un dos niveis con diversos autores, sesións de ilustración de libros cos autores.<br>- exposicións de libros nas diferentes conmemoracións.<br>- obras teatrais en galego.<br>- Celebracións e conmemoracións (Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas e Maios).<br>- préstamo de libros e actualización na adquisición dás últimas publicacións.<br>- Relacións coas asociacións culturais do contorno: Concello, Fundación Abanca, CEM, Fundaçom Artábria.<br>A utilización nas TICs do galego reflíctese coa páxina web do centro que se está actualizando constantemente e que entre os seus contidos conta con múltiples seccións nas que a lingua aparece como unha ferramenta de traballo para levar a cabo as diferentes actividades que se propoñen.<br><br>**OBXECTIVO**: *Empregar a lingua galega:*<br>• *Na documentación do centro*<br>• *Nas interaccións coas familias*<br>• *Nas actividades extraescolares*<br>• *Con outras institucións (ANPA, Concello,…)* |

| 3. CONSIDERACIÓNS XERAIS | |
|---|---|
| **INTRODUCIÓN** | • O conxunto do profesorado e os órganos de goberno deste centro queren continuar co Plan de Fomento da Lingua Galega que o Equipo de dinamización da Lingua Galega elaborou e está a estimular cada día polo que se ratifica na idea común de ampliar a área de influencia a novas materias do currículo de todos os niveis educativos. |
| **OBXECTIVOS** | • Ampliar o círculo de normalización da lingua galega do noso centro. |
| **CONTEXTO** | • Derivado do proxecto lingüístico do centro.<br>• Familias, na súa maioría, relacionadas coa mariña.<br>• Nivel socioeconómico medio.<br>• Amplo alumnado fillos de militares.<br>• Poboación infantil castelán falante<br>• Poboación infantil que entende e non rexeita a lingua galega. |
| **ACTIVIDADES DINAMIZADORAS** | As que se detallan máis adiante:<br>• As novas tecnoloxías:<br>  ◦ A páxina web<br>  ◦ Os nosos blogs escolares<br>  ◦ Introdución do Software en lingua galega.<br>• Celebracións:<br>  ◦ Festas tradicionais<br>  ◦ Conmemoracións<br>• Exposicións<br>• Publicacións:<br>  ◦ Revista escolar Mareiriña<br>• Recuperación de xogos populares.<br>• Escoitar:<br>  ◦ Contacontos, teatro de títeres, recitado de poesías.<br>  ◦ Visitas de autores e ilustradores.<br>• Escoitar, dicir , escribir: Concurso de narrativas<br>• Saídas á contorna en prol da lingua<br>• Participación no Correlingua<br>• Elaboracións de materiais diversos:<br>  ◦ Postais de Nadal – marcapáxinas. |

| 4. DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA SECTOR | |
|---|---|
| **ALUMNADO** | • Dar un lugar referencial á lingua galega nos actos colectivos a través da posta en escena de obras de teatro, lecturas dramatizadas, cancións,…<br>• Ampliar a relevancia da nosa lingua a través das tecnoloxías da información e comunicación.<br>• Pór en valor a lingua galega na súa vertente oral a través de contacontos.<br>• Animar á lectura a través das acción da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula.<br>• Achegar ao alumnado a vocabularios específicos, fundamentalmente no xogo (ludoteca).<br>• Continuar potenciando o uso da lingua galega na elaboración de todo tipo de publicacións e materiais escolares en calquera soporte. |
| **PROFESORADO** | • Proporcionarlles aos pais/nais toda a información que recaden do centro sempre en galego.<br>• Facilitarlles aos coordinadores de nivel o material axeitado para potenciar a incorporación da cultura galega ao ensino nas áreas do currículo.<br>• Integrar este proxecto no Plan TIC.<br>• Potenciar nas aulas o traballo encamiñado a eliminar no alumnado a sensación de que "fala mal" e, polo tanto, suprimir este e outros estereotipos.<br>• Mellorar a propia competencia lingüística. |
| **CONTORNA** | • Facilitar o contacto co mundo da literatura galega a través das accións do equipo da biblioteca e do EDLG.<br>• Utilizar a lingua galega nas enquisas persoais do profesorado coas familias e en calquera outro contacto administrativo.<br>• Normalizar o uso da lingua galega nas actividades extraescolares.<br>• Traer ao centro algún produto típico elaborado na casa ( relacionado coas festas e conmemoracións ). |
| **AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO** | • Potenciar e promover o uso da lingua galega en todas as actividades do centro.<br>• Empregar o galego tanto dentro coma fóra da aula.<br>• Ampliar o fondo bibliográfico e videográfico en lingua galega.<br>• Potenciar a festa das Letras Galegas.<br>• Continuar dando preferencia á presenza da lingua galega en todas as manifestacións públicas e de carácter escrito (carteis, murais,..)<br>• Implicar á ANPA nalgunhas das actividades que se desenvolvan neste proxecto.<br>• Acadar a participación maioritaria do alumnado e profesorado nas actividades deseñadas neste plan de fomento. Integrar ás familias na medida do posible. |

| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA: 5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: A PÁXINA WEB | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Utilizar a lingua galega nas situacións comunicativas.<br>• Potenciar a lingua galega nas actividades do centro.<br>• Comunicarse en lingua galega con nenas e nenos doutros centros educativos a través das TICs dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías.<br>• Que as novas tecnoloxías reflictan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que contribúan a asentar a súa identidade como grupo. |
| **CONTEXTO** | • Regular o uso das TICs no ámbito escolar e familiar.<br>• Proxecto a longo prazo (PXA) do centro no ámbito das TIC.<br>• Modelo de páxina web: coa colaboración do profesorado.<br>• O apartado da páxina web dedicado ás actividades do EDLG está actualizándose continuamente. |
| **ACCIÓNS** | • Actualización e uso da lingua galega na páxina web do centro.<br>• Apartado de EDLG funcionando plenamente.<br>• Incorporación do profesorado do EDLG para a subida de contidos á web. |
| **MATERIAIS** | • Ordenadores do centro.<br>• Cámara fotográfica.<br>• Diferente software. |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar.<br>• Integración de esforzos do profesorado: traballo en equipo.<br>• Visualización dos esforzos do colexio cara ás familias.<br>• Encontros dos nenos e nenas fóra da aula.<br>• Valorar os esforzos do colexio de cara á contorna escolar e social máis próxima (intercambio de experiencias con outros colexios) . |




A nosa web é un medio de difusión da nosa lingua



| **5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:**<br>**5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: OS NOSOS BLOGS** | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar a actividade escolar ás familias.<br>• Utilizar a lingua galega en todas as situación comunicativas<br>• Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías.<br>• Reflectir a actividade cotiá a través das novas tecnoloxías e, polo tanto ,contribuirá aceptar a súa identidade como grupo. |
| **CONTEXTO** | • Regular o uso das TIC no ámbito escolar e familiar.<br>• Proxecto a longo prazo do centro (PXA ) no ámbito das TIC.<br>• Experiencia da utilización dos nosos blogs, tanto os de recompilación de recursos coma o de actividades da biblioteca ou o de lecturas na rede. |
| **ACCIÓNS** | • Mantemento, expansión e actualización dos blogs con base lingüística no galego específicos da biblioteca: o de novas da biblioteca (PLAMBE) “As viaxes de Peraliño”.<br>• Actualización do blog de recursos: “”Matemáticas informatizadas” “Blogñecemento” e “Pequeblog” (o blog de recursos de infantil)<br>• Actualización do blog de orientación “Orientablog”.<br>• Pór en funcionamento un blog específico de recursos de lingua galega.<br>• Pór en funcionamento un blog específico de novas do EDLG.<br>• Colaboración da ANPA co seu blog en lingua galega como medio de difusión de novas do centro. |
| **MATERIAIS** | • Ordenadores e netbooks do centro.<br>• Cámara fotográfica.<br>• Escáner. |
| **IMPACTO** | • Na contorna escolar: familias.<br>• Nas aulas de infantil e primaria.<br>• Como modelo a seguir entre o profesorado.<br>• Usuarios da biblioteca. |

Estas son as ligazóns aos nosos blogs que aparecen na nosa web



| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: AS REDES SOCIAIS- (Facebook) | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar a actividade escolar ás familias.<br>• Utilizar a lingua galega en todas as situación comunicativas.<br>• Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías.<br>• Reflectir a actividade cotiá a través das novas tecnoloxías e, polo tanto, contribuirá aceptar a súa identidade como grupo. |
| **CONTEXTO** | • Regular o uso das TIC no ámbito escolar e familiar.<br>• Proxecto a longo prazo do centro (PXA) no ámbito das TIC.<br>• Utilización da rede social facebook como medio divulgativo das nosas novas |
| **ACCIÓNS** | • Actualización e mantemento na nosa páxina na rede social facebook |
| **MATERIAIS** | • Ordenadores e netbooks do centro.<br>• Cámara fotográfica.<br>• Escáner. |
| **IMPACTO** | • Na contorna escolar: familias.<br>• Nas aulas de infantil e primaria.<br>• Como modelo a seguir entre o profesorado. |



| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: INTRODUCIÓN DO SOFWARE EN L. GALEGA | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Xeneralización do uso da lingua nas ferramentas máis utilizadas informaticamente.<br>• Introducir software, ferramentas e programas de uso libre lingua galega. |
| **CONTEXTO** | • Uso de software de Microsoft en lingua castelá.<br>• Uso xeneralizado de software de pago. |
| **ACCIÓNS** | • Utilización de sistema operativo, programas e ferramentas informáticas de uso libre: Linux (en galego), a suite **OpenOffice** (en galego), o navegador **Mozilla Firefox**, o programa de edición de imaxes **Gimp.** |
| **MATERIAIS** | • Ordenadores.<br>• Sistema operativo Linux.<br>• Software de suite Open Office en lingua galega. |
| **IMPACTO** | • En boa parte da comunidade escolar: ordenadores e netbooks en 5° e 6° de Primaria, ordenadores de secretaría, sala de profesores, biblioteca… |



## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

### 5.1.AS NOVAS TECNOLOXÍAS: INTRODUCIÓN Á RADIO ESCOLAR

RADIO CHALANA



| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Utilizar a lingua galega como un instrumento para a adquisición de aprendizaxes e comprensión da realidade.<br>• Mellorar a proposta educativa da escola a través de actividades significativas para as alumnas e alumnos.<br>• Coñecer, valorar e respectar o noso patrimonio cultural.<br>• Fomentar a participación, a autoestima persoal e a identidade local.<br>• Prepararse para o exercicio activo da cidadanía con un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.<br>• Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade e actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, e creatividade.<br>• Iniciarse na utilización de novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación e emprego das xa coñecidas. |
| **CONTEXTO** | A comarca de Ferrolterra é unha das zonas onde a lingua inicial é maioritariamente castelá, polo que neste proxecto se actuará sobre toda a comunidade educativa. |



A NOSA RADIO

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1112

| | |
|---|---|
| **ACCIÓNS** | • Desenvolver a capacidade oral e escrita na lingua galega.<br>• Apertura da escola á comunidade.<br>• Participar democraticamente dos espazos radiais.<br>• Formar emisores, receptores activos e críticos de situacións concretas, reais e actuais.<br>• Utilizar o galego na linguaxe oral como medio para as diversas situacións comunicativas a nivel interpersoal.<br>• Desenvolver a capacidade creativa mediante a elaboración e producións textuais propias en galego.<br>• Desenvolver o hábito lector.<br>• Recoñecer e utilizar os elementos formais do medio radiofónico. a súa linguaxe, aparellos para a emisión dos programas…<br>• Coñecer  e dar a coñecer a realidade do país.<br>• Utilizar a radio para promocionar os dereitos dos nenos e nenas.<br>• Promover procesos de atención á diversidade e inclusividade  a través da radio escolar co traballo cooperativo de aula. |
| **MATERIAIS** | • Ordenador portátil.<br>• Ordenador principal (CPU – monitor) .<br>• Mesa de misturas.<br>• Distribuidor de auriculares.<br>• Auriculares.<br>• Micrófonos (maletín con 3 micros + pinzas).<br>• Pés de micros (vástago + base).<br>• Espumas micros (anti-popeos).<br>• Cables de audio para conexionar os aparellos entre si (e co computador):<br>• Cable micro á mesa mezclas.<br>• Cable saída son ordenador portátil á entrada audio mesa mezclas.<br>• Cables saída principal da mesa á entrada do ordenador principal<br>• Cable saída auriculares mesa mistura á entrada pequeño distribuidor auriculares. |
| **IMPACTO** | • Produción correcta de mensaxes **orais.**<br>• Selección e presentación de información.<br>• Investigación e capacidade de traballo en grupo.<br>• Incrementar o hábito pola lectura e escritura creativa e informativa.<br>• Optimizar o  desempeño social e comunicativo.<br>• Democratizar as accións a través da participación na radio.<br>• Interactuar con alumnos que teñan Necesidades Específicas de apoio Educativo (NEAE).<br>• Propiciar que toda a comunidade  participe do proxecto.<br>• Convocar as institucións sociais  a participar do  mesmo.<br>• Facilitar o acceso á información. |




Emisións da nosa radio escolar publicadas na nosa páxina web.

| **5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:**<br>**5.2. CELEBRACIÓNS: FESTAS TRADICIONAIS** | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar os costumes populares de Galicia e da nosa bisbarra.<br>• Que todos os nenos e nenas sexan quen de:<br>  • Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.<br>  • Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais utilizando a lingua galega.<br>  • Elaborar redaccións, cómics, murais, cancións…<br>  • Expresar oral e graficamente ideas sobre festas populares, as súas orixes e repercusións.<br>  • Participar con poemas, cantigas, bailes, contos…en lingua galega ante pequenos e grandes grupos.<br>  • Participar na páxina web do colexio con producións referidas a estas festas. |
| **CONTEXTO** | • Todos os anos fanse as celebracións das festas tradicionais galegas.<br>• A contorna social vive unha recuperación destas tradicións.<br>• Incluído na PXA. |
| **ACCIÓNS** | Todas as encamiñadas a celebrar as seguintes festividades:<br>• Magosto<br>• Samaín<br>• Nadal – O Apalpador<br>• A Paz<br>• Entroido<br>• Maios<br>• Semana das Letras Galegas |
| **MATERIAIS** | • CDs<br>• Libros e revistas<br>• Materiais específicos de cada festa (castañas, cabazas, flores..)<br>• Cartolinas, papeis… |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar |




**Mural**

**do**

**Apalpador**

O APALPADOR




**O Apalpador** vive na memoria dos habitantes máis anciáns de **O Caurel e Os Ancares**, na montaña luguesa.

Os máis vellos do lugar lémbrano polo que os seus maiores lles contaron, e descríbeno como un vello apacible, barbado e grandón, que fuma en pipa, leva pucho e viste chambra colorida e pantalóns con remendos.

Contan tamén que **a noite do 25 ou do 30 de decembro**, este xigante bonachón e de oficio carboeiro, abandoaba as altas montañas nas que vivía e baixaba ás aldeas para entrar sen facer ruido nos cuartos dos máis pequenos. Despois de **palparlles a barriguiña** con moito coidado (de ahí o nome de Apalpador) e comprobar que estaban ben alimentados, desexáballes o que o vindeiro ano non pasaran fame e como agasallo de Nadal deixáballes unha boa presa de **castañas asadas**. O Apalpador era home sabio e non ignoraba que naqueles tempos (XIX e principios dos XX) a castaña en Galicia era un alimento moi prezado.

A lenda do Apalpador resulta entrañable porque nos transporta á Galicia dos nosos avós, onde aflora o **realismo máxico** dunha terra rica en tradicións e lendas que foron fonte de inspiración para os contos de Fole, Dieste ou Cunqueiro. Pero tamén a **unha época de aislamento, privación e miseria.** O feito de que o Apalpador palpase as barrigas para comprobar se os nenos estaban ben alimentados fai pensar na escaseza de comida e nas duras condicións de vida. Pero non deixa de resultar conmovedora esa emoción que despertaba nos nenos e nenas o agasallo dunha simple presa de castañas, o valor que para eles tiña algo tan esencial como a comida. Por desgracia segue habendo moitos lugares onde os nenos recibirían a figura dun Apalpador con tanta ilusión coma aqueles outros que hai tantos anos habitaron as terras da montaña lucense.

**PARA TODOS E TODAS BO NADAL E UN ANINOVO CHEO DE CASTAÑAS**










**Recursos do Apalpador divulgados na nosa web**

| | |
|---|---|
| **5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.3. CONMEMORACIÓNS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** | |
| **OBXECTIVOS** | • Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega.<br>• Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega: redaccións, cómics, murais, cancións..<br>• Expresar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercusións.<br>• Aumentar o gusto pola lectura en galego. |
| **CONTEXTO** | • Incluídas na PXA.<br>• Xa establecidas : hai moitos anos que se veñen celebrando no centro.<br>• Moi promovidas institucionalmente. |
| **ACCIÓNS** | • Outubro: Samaín.<br>• Novembro: Magosto.<br>• Decembro: Nadal.<br>• Xaneiro: O Día da Paz.<br>• Febreiro: O Entroido e Día de Rosalía.<br>• Marzo: O día Internacional da Muller.<br>• Abril: O Día do Libro. Certame de Poesía e Imaxe (En Galego sen filtro).<br>• Maio: Correlingua e Letras Galegas. |
| **MATERIAIS** | • DVDs e CDs<br>• Libros e revistas.<br>• Materiais funxibles necesarios para a elaboracións dos traballos escolares. |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar: a participación dos nenos e nenas é masiva.<br>• Persoas externas ao centro: contacontos, escritores...<br>• Familias dos nenos e nenas como receptores. |



**QUEIMA DO MECO**















**Actividades e recursos para o día de Rosalía publicados na nosa web**

## . ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

### 5. 4.EXPOSICIÓNS, DECORACIÓNS

LETRAS GALEGAS









SAMAÍN

2019

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Observar as características dos diferentes períodos do ano en Galicia.<br>• Reflexionar sobre la problemática xeral do medio.<br>• Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes.<br>• Falar en lingua galega sobre temas relacionados coas distintas áreas do currículo.<br>• Respectar e valorar o traballos dos nosos antergos.<br>• Crear novos lazos de amizade.<br>• Coñecer elementos naturais da nosa terra.<br>• Usar a lingua galega en todas as ocasións. |
| **CONTEXTO** | • Incluídas na PXA.<br>• Son ben recibidas. A maioría están institucionalizadas. |
| **ACCIÓNS** | Distintas exposicións como:<br>• Recital de poesía de autores galegos.<br>• Exposición de mural dedicado á Paz.<br>• Exposición de máscaras no Entroido.<br>• Exposicións fotográficas de distintas actividades. |
| **MATERIAIS** | • Froitos.<br>• Material funxible.<br>• Cámara de fotos.<br>• Expositores. |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar |

## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
## 5.5 PUBLICACIÓNS: REVISTA ESCOLAR MAREIRIÑA




| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Participar activamente todo o alumnado na elaboración dos textos: novas, artigos, pasatempos, ocupación de momentos de lecer ...<br>• Continuar asentando unha das canles de comunicación educativas máis valorada no centro.<br>• Reflectir dun xeito breve os logros acadados ao longo do curso escolar.<br>• Valorar os traballos en equipo.<br>• Ligar a memoria e a lingua galega. |
| **CONTEXTO** | • Moi boa acollida. |
| **ACCIÓNS** | • Elaboración da nosa revista escolar "Mareiriña" que reflicte o noso traballo e actividades realizadas ao longo do curso.<br>• Difusión da revista na web do centro e información da súa existencia por e-mail ás familias.<br>• Impresión en papel dunha revista por ciclo.<br>• Inclusión da revista na "mochila viaxeira" para deleite do alumnado e das familias. |
| **MATERIAIS** | • Materiais informáticos. |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar. |










**EXEMPLARES DE MAREIRIÑA**

## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
## 5.6. RECUPERACIÓN DE XOGOS POPULARES



A CORDA



CARREIRAS DE SACOS

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Recitar retahílas, pareados ou trabalinguas acompañando os xogos populares.<br>• Participar en xogos cooperativos e solidarios.<br>• Incrementar o número de nenos e nenas participantes en xogos que eles non consideran propios do seu sexo.<br>• Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación coa contorna.<br>• Coñecer e interpretar cantigas do folclore tradicional galego con instrumentos musicais escolares.<br>• Memorizar textos de rifar en cada xogo.<br>• Empregar e respectar as normas de xogos.<br>• Introducir a temporalización dos xogos.<br>• Participar en encontros con outras comunidades escolares.<br>• Manter o xogo popular como un sinal de identidade. |
| **CONTEXTO** | • As aprendizaxes máis significativas fanse a través de experiencias emocionais e, entre elas, o xogo.<br>• As clases de educación física e educación musical adaptan a súa programación e impártense en lingua galega. |
| **ACCIÓNS** | • Seguimos co **Proxecto "Xogos no patio":**<br>    • Cordas, goma, carreiras de sacos, mariola, zancos, brilé, canicas…<br>• Xornadas de recuperación de xogos populares: rotacións entre distintos xogos populares.<br>• Interpretación de cantigas populares con instrumentos musicais escolares.<br>• Participación das familias ensinando xogos populares propios da súa época.<br>• Participar en xogos populares. |
| **MATERIAIS** | • Equipos de música, CDs<br>• Xoguetes: peóns, zancos, sacos, cordas… |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar. |

# À CAPELA DE EXCURSIÓN



O 27 de outubro, venres, os alumnos e alumnas de 5º fomos de excursión á Capela.

Visitamos primeiro o Museo etnográfico e despois o CEIP Mosteiro de Caveiro onde o pasamos moi ben cos **XOGOS TRADICIONAIS**.

Máis informacion premendo na imaxe





Despois, achegámonos ao colexio da localidade, o Ceip Mosteiro de Caaveiro.

Alí, esperábannos os alumnos de 6º para xogar connosco a **XOGOS TRADICIONAIS**, que xa nos tiñan preparados: **a rá**, **o muíño**, **o aro**, **a buxaina**, **as lombas** e **os zancos**.

Quedamos abraiados cando nos dixeron o número do alumnado do centro. Tan só 68 nenos e nenas!!!

Xa case éramos máis nós, os visitantes, que eles, os anfitrións!!!

Foi unha experiencia enriquecedora, ademais de divertida. Non fai falta tanta tecnoloxía para pasalo ben.

**Xogamos e desfrutamos moito!!!**

Aquí vos deixamos imaxes dese fantástico día.







Se queredes ver máis imaxes premede abaixo.

**Saída ao Ceip Mosteiro de Caaveiro realizada neste curso, onde disfrutamos con xogos populares.**



# XOGOS NO PATIO



## O PATIO DO RECREO, ESPAZO EDUCATIVO

O RECREO NON É SO O LUGAR ONDE NENOS E NENAS CAMPAN ÁS SÚAS ANCHAS. TAMÉN CONTINÚA NO PATIO O LABOR EDUCATIVO

APRENDEMOS A COMPARTIR, A COLABORAR, A RESPECTAR, A ESPERAR...

NO PATIO DE RECREO APRENDEMOS A ENTENDER A DIVERSIDADE, NOS RELACIONAMOS E CONVIVIMOS

O PATIO DO RECREO IMPORTA E MOITO!

TANTO COMO PARA DAR A ESTE TEMPO E A ESTE ESPAZO MOITA IMPORTANCIA NO CURRÍCULO



**Proxectos de "Xogos no patio" programado para este curso.**

## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

### 5.7: ESCOITAR: VISITAS DE AUTORES, PINTORES E ILUSTRADORES GALEGOS

"Antón Cortizas é o padriño da nosa biblioteca



| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar o alumnado á literatura. |
| **CONTEXTO** | • Todos os anos recibimos as visitas de varios autores.<br>• Son acollidos con gran aceptación e entusiasmo. |
| **ACCIÓNS** | • Visita de escritores e ilustradores de libros infantís en lingua galega: Antón Cortizas, (padriño da nosa biblioteca) … |
| **MATERIAIS** | • Libros en lingua galega. |
| **IMPACTO** | • Todo o alumnado. |





Visita de ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO ao noso centro

## 5.8. ESCOITAR – CONTACONTOS





| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar a cultura en lingua galega a nenas, nenos e maiores. |
| **CONTEXTO** | • Todos os anos recibimos a visita de contacontos que son acollidos con gran aceptación. |
| **ACCIÓNS** | • Traer ao centro escolar contacontos profesionais.<br>• Utilizar as visitas á biblioteca para escoitar historias contadas polos propios profesores.<br>• Invitar ás familias a conten experiencias persoais interesantes ao alumnado. |
| **MATERIAIS** | • Megafonía do centro.<br>• Libros susceptibles de ser lidos. |
| **IMPACTO** | • En toda a comunidade escolar. |

## CONTACONTOS : IAGO LÓPEZ






| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.9: ESCOITAR – DICIR – ESCRIBIR - CONCURSO DE NARRATIVA | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Promover a lectura/escoita/escrita de textos en lingua galega.<br>• Descubrir as potencialidades lecto-dramáticas de moitos nenos e nenas.<br>• Realizar composicións escritas na nosa lingua. |
| **CONTEXTO** | • É preciso valorar os progresos lectores e compositores de nenos e nenas. |
| **ACCIÓNS** | • Lectura en voz alta por ciclos en Educación Primaria e Infantil: contos, refráns...<br>• Lectura por parte das nais, pais, avós... de textos en lingua galega.<br>• Elaborar contos, diálogos, caligramas, poemas...<br>• Redacción de cartas ao Apalpador.<br>• Recompilar refráns, receitas de cociña...<br>• Apadriñamento lector: actividade proposta pola equipa de dinamización da biblioteca, que consiste en que os nenos e nenas de cursos superiores, na hora de ler, “apadriñen” aos máis pequenos/as léndolles un conto. Fomentaranse que as lecturas sexan en galego. |
| **MATERIAIS** | • Libros da biblioteca. |
| **IMPACTO** | • En toda educación primaria e infantil dado que moitas lecturas son colectivas ou en parellas. |

| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.10. OS NOSOS PROXECTOS: As viaxes de Peraliño e Erasmus+ | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Promover a lectura/escoita/escrita de textos en lingua galega.<br>• Descubrir as características da propia cultura e doutras.<br>• Investigar sobre a identidade cultural.<br>• Compartir as nosas identidades pensando nas diferenzas e vivindo pacificamente xuntos.<br>• O noso centro está a participar nun Erasmus (“My place, your place, our place”) co cal pretendemos, traballando a partir de cuestións relacionadas co noso entorno, aprender a respectar e valorar outros tipos de vida, culturas e tradición.<br>• Pretendemos unificar o proxecto de normalización coa temática da biblioteca e do proxecto do Erasmus, e traballar todos estes aspectos en toda a súa amplitude.<br>• Dar a coñecer ao alumnado a importancia de respectar outras culturas para conseguir una sociedade máis igualitaria e xusta.<br>• Facer un listado de posibles sitios a investigar (chuvia de ideas) atendendo ós intereses do alumnado, profesores/as e familias e introducir personaxes que constituirán o eixe motivador.<br>• Pescudar sobre os países e investigar tendo en conta diferentes ámbitos: físico, social, ambiental, cultural ...<br>• Facer un traballo de investigación de cada un deses países. Cada aula elixirá un país e investigará sobre el.<br>• Coñecer a situación xeográfica dos países seleccionados. |
| **CONTEXTO** | • Exposición e elaboración dos proxectos e o seu produto social relevante: facer unha exposición a final de curso onde as familias vexan o resultado do noso traballo. |
| **ACCIÓNS** | • Formas de vida, características das persoas que viven alí . (Ruptura de estereotipos)<br>• Preparar distintos traballos (murais, libros, paneis, manualidades, construccións...) que recollan aspectos propios dos países traballados en cada aula.<br>• Recibir e entrevistar a persoas que poidan aportar información das súas viaxes e experiencias.<br>• Preparar algunhas historias ou contos desenvolvidos neses países. |
| **MATERIAIS** | • Libros da biblioteca, videos, ordenador, cartolinas,... |

| | |
|---|---|
| **IMPACTO** | • En toda educación primaria e infantil. |

## APERTURA DA BIBLIOTECA







| 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:<br>5.11: SAÍDAS ESCOLARES EN PROL DA LINGUA | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Favorecer institucionalmente as saídas á contorna que supoñan unha mellora da lingua falada dos participantes e un incremento na súa bagaxe sobre a cultura galega. |
| **CONTEXTO** | • É habitual que o centro programe visitas culturais. |
| **ACCIÓNS** | • Ás saídas dispostas na PXA e aprobadas polo Consello Escolar coma concertos musicais, cine en galego ("En galego de película), teatro. Correlingua,.. |
| **MATERIAIS** | • Os referidos ás actividades previas e posteriores ás saídas. |
| **IMPACTO** | • Alumnado e profesorado do centro. |

## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

### 5.12 PARTICIPACIÓN NO CORRELINGUA



Correlingua 2019



Correlingua 2018

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Achegar os desexos da sociedade en canto á normalización da lingua galega á comunidade escolar. |
| **CONTEXTO** | • O centro participa neste evento socio-lingüístico dende o inicio da actividade. |
| **ACCIÓNS** | • Participación do alumnado no Correlingua organizado en Ferrolterra.<br>• Elaboración dun documental gráfico sobre dita participación que serva de foro para un diálogo na aula.<br>• Publicar a nova na nosa web. |
| **MATERIAIS** | • Cámara fotográfica. |
| **IMPACTO** | • No alumnado e na sociedade en xeral. |

## Difusión da nosa participación no CORRELINGUA publicada na nosa web

Posted Maio 11th, 2019 by marivi

# CORRELINGUA

## O GALEGO É A FÓRMULA




Este é o lema deste ano.

O xoves, 9 de maio, os rapaces e rapazas de 6º de Infantil e toda primaria participamos nunha actividade tan divertida como necesaria: **O CORRELINGUA.**

Trátase dunha carreira e dun acto para reivindicar o uso do noso idioma.

**"O GALEGO COA CIENCIA XA NON TEN PACIENCIA"**

Este ano celebrouse no Pazo da Cultura de Narón. Alí xuntámonos con nenos e nenas doutros colexios de Ferrol e Narón.

A actriz ISABEL RISCO foi a encargada de presentar o acto.





Un grupo de nenos e nenas do colexio Piñeiros de Narón leron o manifesto gañador deste ano.

Os seus creadores foron un grupo de **alumnos de 4º da ESO** do **IES de Carral**, baixo o alcume Os Toxos.

## GAÑADORES MANIFESTO

No Auditorio tamén nos ofreceu un marabilloso concerto o CANTANTE

## PACO NOGUEIRAS








**Dentro das actividades previstas para este día estaba programado un paseo-carreira polas rúas adxacentes ao pazo que, con moita mágoa, houbo que suspender porque comenzou a chover.**

## 5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

### 5.13: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: bolígrafo.

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado.<br>Promoción da Lingua galega no colexio. |
| **CONTEXTO** | Elaboración dun bolígrafo para a totalidade do centro. |
| **ACCIÓNS** | Bolígrafo serigrafiado cunha lenda en galego a repartir entre o alumnado e as familias para levar a cabo a promoción da lingua galega.<br>Construción por parte do alumnado da lenda. |
| **MATERIAIS** | Tras a selección, elaboración nunha copistería. |
| **IMPACTO** | En toda a comunidade escolar. |

### 5.14: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: Marcapáxinas

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado.<br>Difundir entre a comunidade educativa o autor ao que vai dedicado o día das Letras Galegas.<br>Promoción da Lingua galega no colexio. |
| **CONTEXTO** | Elaboración dun marcapáxinas para a totalidade do centro. |
| **ACCIÓNS** | Elaboración dun marcapáxinas relativo ao autor Ricardo Carvalho Calero ao que vai adicado o día das Letras Galegas. |
| **MATERIAIS** | Cartolinas e pinturas. |
| **IMPACTO** | En toda a comunidade escolar. |



| 6. COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES | |
|---|---|
| **6.1 – Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol**<br>**6.2 – Equipas de Normalización LingüísticaFerrolterra**<br>**6.3 – Fundación Artabria (Ferrol)**<br>**6.4 – Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** | |
| **OBXECTIVOS** | Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado.<br>Promoción da Lingua galega en toda a comunidade educativa.<br>Difundir as novas nos blogs e redes sociais. |
| **CONTEXTO** | Diferente segundo a actividade. |
| **ACCIÓNS** | Membro da Asociación das Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.<br>Participación en actividades organizadas por estas entidades:<br>• Participación en concertos didácticos.<br>• Participación no programa “En galego, de película”<br>• Concurso “Poesía e Imaxe”.<br>• Concurso de debuxos do Apalpador (Fundación Artabria).<br>• Publicación de novas no blog da FunciaciónArtabria.<br>• Publicación no Facebook da Fundación Artabria.<br>• Elaboración dos Maios (Fundaçon Artabria)<br>• Propostas da AELG para o día de Rosalía. |
| **MATERIAIS** | Os propios de cada actividade. |
| **IMPACTO** | En toda a comunidade escolar. |

CARTEL DIVULGATIVO



Ceip Isaac Peral
27 de diciembre de 2019 a las 15:08




Fundaçom Artábria
26 de diciembre de 2019 a las 23:01

Después de tener que posponer, debido al paso de fabien, la ruada del carrillero se celebrará este domingo, 29 de diciembre.

Saldrá a las 17.00 hs de la fundaçom...
Ver más

Ver original · Califica esta traducción

Gelis Rodriguez y Gemma Pardo

Me gusta Comentar Compartir

Escribe un comentario...

ARTÁBRIA fundaçom
travessa de batalhons nº7
Esteiro - Ferrol

Ceip Isaac Peral
30 de diciembre de 2019 a las 9:36



Concello de Ferrol
30 de diciembre de 2019 a las 0:10

O Apalpador visitou #Ferrol a tarde do sábado e repartiu caramelos e globos aos nenos. Estivo acompañado por varios trasnos axudantes e a banda de música Xoldaina.

Gelis Rodriguez y Raquel Pico

Me gusta Comentar Compartir

Escribe un comentario...

**Algunhas das actividades organizadas pola Coordenadora de Equipas de Normalización de Ferrolterra**

Coordenadora de Equipas de Normalización Ferrolterra

## CELEBRACIÓN DOS MAIOS CON OUTROS CENTROS DE FERROL



# OUTRAS ACTIVIDADES

Participación no XX Certame de creación artística de POESÍA E IMAXE (2020)

## “EN GALEGO SEN FILTRO”

Este ano relacionado coa poesía de

## CARVALHO CALERO

Organizado polas Equipas de Normalización Lingüística da Concello de Ferrol







CREACIÓNS REALIZADAS NO CERTAME DO 2019

# CORRELINGUA

VINTE COA LINGUA!

correlingua 2020

**Este curso continuaremos coa participación en todas estas actividades**

## MEMBROS DO EDLG (Curso 19 - 20)

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

**Coordinadora: Mª VIRTUDES PÉREZ CORRAL**

Laura Carregal Fernández

Rosario Martínez Seijido

Soledad Castro Campelle

Emma Sela Pérez

**A COORDINADORA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

NOME E APELIDOS: ***MARIA VIRTUDES PÉREZ CORRAL*** - *DNI:**32769623M***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL

Lugar e data

Ferrol a 31 xaneiro de 2020

**VISTO E PRACE DA DIRECTORA DO CENTRO**

NOME E APELIDOS: ***Mª JOSÉ PIÑEIRO ABELEDO*** - *DNI:* ***32636496W***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL

Lugar e data

Ferrol a 31 xaneiro de 2020

**ANEXO II** - CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES (Curso 19 – 20)

A coordinadora do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente

| TEMPORALIZACIÓN | TÍTULO DA ACTIVIDADE | RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO QUE PERTENCEN | DESTINATARIOS/AS | ORZAMENTO | MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES |
|---|---|---|---|---|---|
| Todo o curso | Páxina web | Equipo directivo<br>Dinamización das Tics<br>EDLG | Toda a comunidade | | Computadores<br>Cámara fotos<br>Cámara vídeo<br>Diferente software |
| Todo o curso | Blogs escolares | Equipo directivo<br>Dinamización das Tics<br>EDLG<br>Profesorado | Toda a comunidade | | Computadores<br>Cámara fotos<br>Cámara vídeo<br>Escáner |
| Todo o curso | Introdución do software en lingua galega | Dinamización das Tics<br>EDLG | Alumnado e profesorado | | Computadores<br>Software en lingua galega |
| Todo o curso | RADIO CHALANA | Equipo da radio | Toda a comunidade | | Material específico de radio |
| Febreiro: Entroido<br>Maio: Os maios | Festas tradicionais | EDLG<br>Todo o profesorado | Persoal docente e non docente.<br>Alumnado | 300€ para adquisición de material | Materiais, CDS<br>Libros<br>Revistas, materiais específicos de cada festa,…<br>Cámara de fotos |
| Xaneiro: día da Paz<br>Febreiro :día da Música<br>Marzo: semana prensa<br>Abril: día do Libro<br>Maio: Letras galegas | Conmemoracións | Equipos dinamizadores do centro: normalización, biblioteca, convivencia,… | Persoal docente e non docente.<br>Alumnado | 500€ | Materiais diversos segundo as conmemoracións<br>Cámara de fotos |
| Todo o curso escolar | Exposicións | Todo o profesorado | Toda a comunidade educativa | 200€ para adquisición de material | Materiais diversos<br>Cámara de fotos |
| Todo o curso escolar | Revista Mareiriña | EDLG<br>Todo o profesorado | Toda a comunidade educativa | 35€ impresión | Materiais informáticos, de imprenta e escolares |
| Maio | Celebración dos maios | EDLG<br>Todo o profesorado | Alumnado | 200 € | Equipos de música<br>Cds<br>Xoguetes populares |
| Todo o curso | Contacontos | EDLG<br>Equipo da biblioteca | Alumnado e profesorado | | Megafonía e libros |
| Todo o curso | Visita de autores e ilustradores | EDLG<br>Equipo da biblioteca | Alumnado e profesorado | | Megafonía e libros |
| Todo o ano | Concurso de narrativas | EDLG<br>Equipo da biblioteca | Alumnado e profesorado | | Materiais funxibles.<br>libros |
| Maio | Correlingua | EDLG | Alumnado e profesorado | | Cámara fotos<br>vídeo |
| Todo o curso | Marcapáxinas<br>Bolígrafo | EDLG<br>Tics | Comunidade educativa e contorna | 500€ | Imprenta<br>Escáner<br>Computadores |
| | | | | **1.735 €** | |

Ferrol, a 31 de xaneiro 2020

A directora

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL

Asdo. Mª José Piñeiro Abeledo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Xefatura Territorial da Coruña
Gabinete de Normalización Lingüística

Edificio Administrativo de Monelos
R/Vicente Ferrer, 2-7º andar
15071 A Coruña
Tfno.: 981 184 898
sxpl.acoruna@xunta.gal

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# ADDENDA CURSO 20 - 21

## *ADDENDA* ao proxecto de fomento do uso do galego para o curso 2020/21

| CENTRO EDUCATIVO<br>CEIP ISAAC PERAL | | | |
|---|---|---|---|
| NÚMERO DE UNIDADES<br>19 | NÚMERO DE ALUMNOS/AS 2020/21<br>390 | | CÓDIGO DO CENTRO<br>15006845 |
| NOME REPRESENTANTE<br>MARÍA JOSÉ | PRIMEIRO APELIDO<br>PIÑEIRO | SEGUNDO APELIDO<br>ABELEDO | NIF<br>32636496 W |
| NOME DO/A COORDINAROR/A<br>MARÍA VIRTUDES | PRIMEIRO APELIDO<br>PÉREZ | SEGUNDO APELIDO<br>CORRAL | NIF<br>32769623M |

A Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universitade (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2021), pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso 2020/21, dispón na súa base 6 que os centros que presentaron os seus proxectos ao abeiro da da Orde correspondente ao curso escolar 2019/20 (Orde do 27 de decembro de 2019; DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2020), que finalmente quedou sen efectos como consecuencia do peche dos centros educativos por causa do COVI-19 (Orde do 2 de xuño de 2020; DOG núm. 113, do 11 de xuño de 2020), poderán alegar o mesmo proxecto para a actual convocatoria e presentar simplemente unha *addenda* na que consten, de ser o caso, as modificacións ou adaptacións propostas.

**SOLICITA**

A axuda económica para desenvolver as actividades que se mencionaban no proxecto de fomento do uso do galego presentado para o curso 2019/20 e modificadas ou adaptadas para o actual curso escolar 2020/21, coas cancelacións, adaptacións e novas propostas que se reflicten nos puntos 1, 2 e 3 seguintes:

CANTIDADE SOLICITADA: ___1535________ euros

1. Actividades **canceladas** do proxecto do curso 2019/20

| Temporización | Título da actividade | Departamentos responsables | Destinatarios |
|---|---|---|---|
| Todo o curso | Visita de autores, contacontos | Biblioteca, Extraescolares, EDLG | Todo o alumnado |
| Todo o curso | Saídas en prol da Lingua | Extraescolares, EDLG | Todo o alumnado |
| Todo o curso | Actividades da radio escolar | EDLG | Todo o alumnado |

2. Actividades **adaptadas** do proxecto do curso 2019/20

| Temporización | Título da actividade | Departamentos responsables | Destinatarios | Orzamento | Material que se precisa |
|---|---|---|---|---|---|
| Todo o curso | Celebracións e conmemoracións | EDLG, extraescolares, biblioteca | Todo o alumnado | 800 | Materiais diversos segundo as commeracións |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

3. Actividades de **nova programación** para o curso 2020/21

| Temporización | Título da actividade | Departamentos responsables | Destinatarios | Orzamento | Material que se precisa |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |

Edificio Administrativo de Monelos
R/Vicente Ferrer, 2-7º andar
15071 A Coruña
Tfno.: 981 184 898
sxpl.acoruna@xunta.gal



**Observacións:**

As celebracións e conmemoracións que constan como modificadas realizaranse a nivel de aula respectando as medidas de protección Covid.
O día das Letras Galegas este curso será adicado a XELA ARIAS.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

SINATURA DA PERSOA COORDINADORA

Mª Virtudes Perez

Ferrol, 20 de xaneiro de 2021

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# CURSO 20 - 21

## **ANEXO II** - CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

A coordinadora do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente

| TEMPORALIZACIÓN | TÍTULO DA ACTIVIDADE | RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO QUE PERTENCEN | DESTINATARIOS/AS | ORZAMENTO | MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES |
|---|---|---|---|---|---|
| Todo o curso | Páxina web | Equipo directivo<br>Dinamización das Tics<br>EDLG | Toda a comunidade | | Computadores<br>Cámara fotos<br>Cámara vídeo<br>Diferente software |
| Todo o curso | Blogs escolares | Equipo directivo<br>Dinamización das Tics<br>EDLG<br>Profesorado | Toda a comunidade | | Computadores<br>Cámara fotos<br>Cámara vídeo<br>Escáner |
| Todo o curso | Introdución do software en lingua galega | Dinamización das Tics<br>EDLG | Alumnado e profesorado | | Computadores<br>Software en lingua galega |
| Febreiro: Entroido<br>Maio: Os maios | Festas tradicionais | EDLG<br>Todo o profesorado | Persoal docente e non docente.<br>Alumnado | 300€ para adquisición de material | Materiais, CDS<br>Libros<br>Revistas, materiais específicos de cada festa,…<br>Cámara de fotos |
| Xaneiro: día da Paz<br>Febreiro :día da Música<br>Marzo: semana prensa<br>Abril: día do Libro<br>Maio: Letras galegas | Conmemoracións | Equipos dinamizadores do centro: normalización, biblioteca, convivencia,… | Persoal docente e non docente.<br>Alumnado | 500€ | Materiais diversos segundo as conmemoracións<br>Cámara de fotos |
| Todo o curso escolar | Exposicións | Todo o profesorado | Toda a comunidade educativa | 200€ para adquisición de material | Materiais diversos<br>Cámara de fotos |
| Todo o curso escolar | Revista Mareiriña | EDLG<br>Todo o profesorado | Toda a comunidade educativa | 35€ impresión | Materiais informáticos, de imprenta e escolares |
| Todo o ano | Concurso de narrativas | EDLG<br>Equipo da biblioteca | Alumnado e profesorado | | Materiais funxibles.<br>libros |
| Todo o curso | Marcapáxinas<br>Bolígrafo | EDLG<br>Tics | Comunidade educativa e contorna | 500€ | Imprenta<br>Escáner<br>Computadores |
| | | | | **1.535 €** | |

Ferrol, a 26 de xaneiro 2021

A directora

Asdo. Mª José Piñeiro Abeledo

A coordinadora

Asdo. Mª Virtudes Pérez Corral